
Videoconferencia

- Actualizado (08.12.2006)

- ¿Qué é a videoconferencia?
- ¿Qué funcionalidade permite?
- ¿Cántos poden participar?
- ¿Qué preciso para participar?
- ¿Qué tecnoloxías hai dispoñibles?

- ¿Qué é H.323?
- ¿Qué é H.320?
- Equipamento dispoñible

- ¿QUÉ É A "VIDEOCONFERENCIA"

A videoconferencia é un servizo multimedia que permite a varios usuarios situados en lugares distintos, manter unha conversación en tempo real con interacción visual, auditiva e verbal, mediante o uso de cámaras, micrófonos e outros dispositivos para a presentación de documentos.

- ¿QUÉ FUNCIONALIDADE PERMITE?

A videoconferencia ofrece grandes posibilidades no terreo da educación, xa que permite una interacción permanente, en tempo real, con imaxe e son entre diferentes lugares, facendo posible que, diferentes profesores, alumnos, centros de enseñanza, etc poidan comunicarse sen ter que desprazarse a outros lugares. Do mesmo modo poden interactuar os representantes de varias empresas nunha reunión de negocios ou poden asistir participantes, que por motivos de traballo ou de tempo non poden desprazarse, a conferencias, ou a cursos especializados, masters, doctorados… Estos son algúns dos campos nos que nos permite actuar a videoconferencia, pero tamén abarca outros como a seguridade a distancia, a telemedicina, asesorías, diplomados, etc.

- ¿CÁNTOS PODEN PARTICIPAR?

O número de participantes pode ser desde dous ou máis. En este último caso necesítase un equipo adicional chamado Unidade de Multiconferencia (MCU – MultiConference Unit). Según o modelo da MCU tendremos un límite maior o menor no número de participantes que poidan conectar á videoconferencia.

- ¿QUÉ PRECISO PARA PARTICIPAR?

Polo xeral, para realizar una videoconferencia "tradicional" é preciso un equipo de videoconferencia que soporte a suite de protocolos H.323/H.320 ou software que o implemente. Neste último caso será necesario un conxunto de webcam e cascos con micrófono incorporado ou sistema similar.

Hardware Polycom VSX 7000

Radvision onLAN MCU

Software Polycom PVX

Videoconferencia convencional

- ¿QUÉ TECNOLOXÍAS HAI DISPOÑIBLES?

Un protocolo de red o protocolo de comunicación é o conxunto de regras que controlan a secuencia de mensaxes que ocorren durante unha comunicación entre entidades que forman unha red. Nas videoconferencias utilízanse polo xeral: H.323 ou H.320.

- ¿Qué é H.323?

É un conxunto de tecnoloxías e protocolos que permiten a transmisión de voz, sobre unha red de área local conmutada por paquetes mediante o protocolo IP. Basándonos no protocolo H.323 utilizamos para a realización da videoconferencia un Polycom ou un software de polycom chamado PVX.

- ¿Qué é H.320?

Estándar do CCITT (Comité Consultivo Internacional Telegráfico y Telefónico) para a videoconferencia, que é o máis utilizado nos equipos comerciais basados en PC e RDSI.

- Equipamento dispoñible

- Software e licencia PVX

- Polycom VSX-7000

- Polycom VSX-7000e

- Polycom SP128 (conexión mediante IP o RDSI)